



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 8 de setembro de 2017 de delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG nº 180).

E doutra parte, a entidade Federación Galega de Confrarías de Pescadores, CIF: V.15966856, representada polo seu presidente Don José Antonio Pérez Sieira (DNI 33253864G), en virtude do artigo dos artigos 20 e 21 dos seus estatutos ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 22 de outubro de 2004 (DOG núm. 228, do 23 de novembro de 2004).

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organización de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Terceiro

Que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.





Que os investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto a adquisición dun vehículo co que poder facer fronte de forma eficiente ás funcións sinaladas no parágrafo anterior é preciso desprazarse por toda a costa galega tanto presidente, como directivos e persoal da Federación e para poder realizar estes desprazamentos de forma áxil e eficiente faise precisa a adquisición dun novo vehículo, que permitiría a optimización do persoal ao servizo da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

A adquisición deste vehículo melloraría a competitividade da entidade, posto que permitiría o desprazamento pola sede de calquera das 63 confrarías de pescadores e 3 federacións existentes, de forma eficaz e podendo transportar material divulgativo ou asistir a reunións en calquera parte da xeografía sen o embude que provoca a existencia dun único vehículo.

Dentro das fórmulas baralladas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores a adquisición é a fórmula que mellor se adapta a utilización do vehículo e é a que mellor conxuga os criterios de eficiencia e economía por encima doutras fórmulas como pode ser o arrendamento con ou sen opción de compra.

Cuarto

Que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores está inscrita no folio 4 do Libro 2 do Rexistro de Federacións de Confrarías de Pescadores, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

Quinto

Que na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, figura no capítulo VII, Transferencias de capital, a dotación orzamentaria 15.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, subvencións con carácter nominativo destinadas a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (ou beneficiaria) co fin de financiar os investimentos que leve a cabo esta institución sen ánimo de lucro para a mellora da competitividade, do fomento e da promoción das confrarías de pescadores.





SEGUNDA. Finalidade da Subvención

A finalidade da subvención é o financiamento da adquisición dun novo medio de transporte de persoas e materiais para o uso dos membros dos seus órganos de goberno nos seus desprazamentos ás distintas reunións, actos e eventos celebradas polas confrarías de pescadores, polas administracións públicas e polas restantes entidades que interveñen no sector

TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de vinte e sete mil euros (27.000 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 15.03.722A.781.2 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 , proxecto 2014 00639.

Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio descritos na cláusula segunda, co límite máximo de **27.000 €**.

CUARTA. Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA. Obrigas do beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á realización das actividades e á adquisición dos bens descritos na cláusula segunda deste convenio.
2. Poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en adiante Regulamento da Lei 9/2007).

Ademais son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

A beneficiaria da axuda consente expresamente a inclusión do datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.





A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na Disposición adicional segunda do devandito decreto.

SEXTA. Publicidade da Subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2020**:

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria 15.03.722A.781.2 que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretario da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, co visto e praxe do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, como os documentos xustificativos do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. A relación ordenada das facturas e os documentos xustificativos é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.





b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2020**.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 29.2, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Regulamento da Lei 9/2007. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de **13.500 €**. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Consonte ao disposto no artigo 65.4 i) quedan exentos da constitución da garantía, *“os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 euros. No caso de pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados”*

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.





NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizárase por unha comisión de seguimento formada pola Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de xestión, ensino e relacións sectoriais, e polo presidente e o Secretario da beneficiaria.

UNDÉCIMA. Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle a Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA TERCEIRA. Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.





DÉCIMO CUARTA. Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil vinte sen posibilidade de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Mar

Pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

O presidente

Susana Rodríguez Carballo

José Antonio Pérez Sieira

